

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de novembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día seis de novembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1233).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1234) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME EN DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1950/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 4.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura no firme en rúas diversas parroquias do termo municipal. (exped 1950-440) no seguinte orde decrecente:

LOTE 1				
EMRESA	BAJA PORCENTUAL SOBRE PRESUPUESTO BASE DE LICITACION LOTE 1	VALOR MAXIMO DE PORCENTAJE DE BAJA OFERTADO	PUNTUACION MAXIMA DEL CRITERIO	PUNTUACION OBTENIDA
MISTURAS, S.A.	21,32%	21,32%	100,00	100,00
UTE CIVISGLOBAL, S.L. - CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.	16,55%	21,32%	100,00	77,63
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S,A,	15,55%	21,32%	100,00	72,94
HORDESCON S.A.	12,13%	21,32%	100,00	56,89
C. ALDAS, S.L.U.	11,60%	21,32%	100,00	54,41
NEMESIO ORDOÑEZ S.A.	10,15%	21,32%	100,00	47,61

LOTE 2				
EMRESA	VALOR DEL PORCENTAJE DE BAJA OFERTADA A CONSIDERAR	VALOR MAXIMO DE PORCENTAJE DE BAJA OFERTADO	PUNTUACION MAXIMA DEL CRITERIO	PUNTUACION OBTENIDA
ABERMANEMPRESA CONSTRUCTORA, S.L.	22,97%	22,97%	100,00	100,00
MISTURAS, S.A.	21,77%	22,97%	100,00	94,78
UTE CIVISGLOBAL, S.L. - CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.	16,55%	22,97%	100,00	72,05
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S,A,	15,75%	22,97%	100,00	68,57
HORDESCON S.A.	12,15%	22,97%	100,00	52,90
C. ALDAS, S.L.U.	10,50%	22,97%	100,00	45,71
NEMESIO ORDOÑEZ S.A.	7,12%	22,97%	100,00	31,00

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar Misturas, S.A. , e Aberman Empresa Constructora S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.  
 Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.  
 Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requerir aos citados licitadores o aboamento cada un deles de 346,39 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**3(1235) CLASIFICACIÓN DE OFERTES PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN DA CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 12242/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 4.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia. (exped 12242-333) no seguinte orde decrecente:

1.- CIVIS GLOBAL, S.L.: 87,78 puntos.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.- para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.  
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.  
Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.267,94 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**4(1236) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA. EXPTE. 2107/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.10.13, o informe de fiscalización do 5.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras Construción dunha escola infantil en Navia.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Construción dunha escola infantil en Navia redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 04 de novembro de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación Construción dunha escola infantil en Navia, redactado polo Xefe de Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 16 de outubro de 2013.

CUARTO.- O orzamento máximo de orzamento básico de licitación o importe total de 717.796,61€ (setecentos dezasete mil setecentos noventa e seis euros con sesenta e un céntimos), sendo o importe correspondente o IVE o de 124.576,27 €, dividido en dúas anualidades:

- Ano 2013 222.500,00 Euros dos cales corresponden ao IVE 38.615,70 Euros
- Ano 2014 495.296,61 Euros dos cales corresponden ao IVE 85.960,57 Euros

Para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3210.622.00.03 do orzamento municipal vixente.

Aprobar a modificación das porcentaxes establecidas para os gastos plurianuais, no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que conforme o plan de obra previsto adecúanse respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2014) nun 222,60 %.

De producirse baixas sobre o orzamento base de licitación na adxudicación do presente contrato, as mesmas serán aplicadas aos créditos da segunda anualidade.

QUINTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**5(1237) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE “MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO”. EXPTE. 2130/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.10.13, o informe de fiscalización do 5.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras Mellora da accesibilidade peonil entre Porta do Sol e abeleira Menéndez, Fase 1.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de Mellora da accesibilidade peonil entre Porta do Sol e abeleira Menéndez, Fase 1, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 04 de novembro de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación para as obras de Mellora da accesibilidade peonil entre Porta do Sol e abeleira Menéndez, Fase 1, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 18 de outubro de 2013.

CUARTO.- Aprobar a execución de gasto plurianual en canto ao orzamento base de licitación segundo o apartado 3 das FEC, polo importe de 404.768,18 Euros, máis o 21 % (85.001,31 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 489.769,49 Euros (catrocentos oitenta e nove mil setecentos sesenta e nove euros con corenta e nove céntimos), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.50 do orzamento municipal vixente, dividido nas seguintes anualidades:

- Ano 2013 240.000,00 Euros dos cales corresponden ao IVE 41.652,89 Euros.
- Ano 2014 249.769,49 Euros dos cales corresponden ao IVE 43.348,42 Euros.

Aprobar a modificación das porcentaxes establecidas para os gastos plurianuais, no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que conforme o plan de obra previsto adecúanse respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2014) nun 104,07 %.

De producirse baixas sobre o orzamento base de licitación na adxudicación do presente contrato, as mesmas serán aplicadas aos créditos da segunda anualidade.

QUINTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**6(1238) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDUREMTO ABERTO, DAS OBRAS DO “PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, FASE 1”. EXPTE. 2126/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.10.13, o informe de fiscalización do 6.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Area

de Fomento, do 4.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proceso negociado con publicidade para licitación do expediente de contratación das obras de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 04 de novembro de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 22 de outubro de 2013.

CUARTO.- Autorizar o gasto polo importe 136.669,91 Euros, máis o 21 % (28.700,68 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 165.370,59 Euros, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3210.631.00.00 do orzamento municipal vixente.

QUINTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.